

<b>Comunidade Autónoma / Departamento / Estado</b>	GALICIA
<b>Municipio</b>	SADA
<b>Edificio</b>	Igrexa de San Xián de Soñeiro
<b>Dirección</b>	Campo de Sar, 26 15168
	43.328286770266445 -8.290079771700112
<b>Protección</b>	
<b>Descrición</b>	<p>Igrexa parroquial de planta rectangular cunha soa nave e cabeceira recta. Posúe uns volumes acaroados todo ó longo do muro norte, con menor altura que a nave principal. A cubrición resólvese a dúas augas, a prolongación do aleiro cobre os volumes laterais, con tella cerámica plana. A estrutura resólvese mediante muros de carga de cachotería enfuscada e pintada de branco, con cantería á vista en esquinais e ocós. Consta dunha porta e dúas xanelas rectangulares no muro lateral norte da nave. O testeiro posúe cornixa de cantería con dous pináculos moi ornamentados rematando os esquinais tamén de cantería e cruz de pedra central.</p> <p>A fachada principal segue un esquema pentagonal e no eixo vertical central, organízase de abaixo arriba, mediante unha porta de acceso rectangular alintelada cunha moldura superior coa forma dun arco de medio punto. Sobre o ingreso atópase unha xanela rectangular cun balcón de pedra e balaustrada de forxa. Rompendo o vértice do pentágono unha base para unha espadana de dous corpos franqueado nos esquinais por pináculos moi moldurados rematados en bóla. Ademais consta dunhas volutas espirais que unifican a cornixa curvilínea. O primeiro corpo da espadana está formado por dous arcos de medio punto que descansan sobre piares moldurados e que serven pra aloxa-las dúas campás elaboradas en Orazo (A Estrada). O segundo corpo un frontón triangular curvo cun oco circular e rematado por un pináculo e unha cruz de forxa.</p>
<b>Campás</b>	2 campás.
<b>Fotos</b>	2
<b>Toques actuais de campás</b>	
<b>Conservación, mantemento</b>	
<b>Propostas</b>	
<b>Autors da documentación</b>	TROIANO CARRIL, Xosé / CAMPÁS E RELOXOS MONUMENTAIS DE GALICIA
<b>Data</b>	17-05-2021

## Campás actuais

Localización	Campá	Fundidor	Ano de fundición	Diámetro (en cm)	Peso
--------------	-------	----------	------------------	------------------	------

Espadana	<a href="#"><u>Campá pequena (1)</u></a>	<a href="#"><u>PALACIO; LISTE (CASTROVITE) (PARROQUIA DE ORAZO)</u></a>	1861		
Espadana	<a href="#"><u>Campá grande (2)</u></a>	<a href="#"><u>PALACIO; LISTE (CASTROVITE) (PARROQUIA DE ORAZO)</u></a>	1862	65	159

Información completa: [Igrexa de San Xián de Soñeiro - SADA \(GALICIA\)](#)

PDF (20-06-2026)